

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 115. Agosto 2015. Distribución gratuíta



Manifestación masiva dos gandeiros da comarca con preto de 500 tractores na estrada entre Arzúa e Melide

EMPRESA

O grande éxito da Noite Aberta anima a Asetem a repetila o ano que vén P6

MELIDE

Fomento dá luz verde ao tramo local da A-54 e presuposta 12 millóns P11

CULTURA

O presidente do Atlético Melide fala dos novos proxectos para o club P19

ENTREVISTA



**J.M Mariño,
Parrillada
Pilmar P23**

Dous días de lume queiman 321 hectáreas en Toques



Non foi o único concello da comarca afectado pola vaga de incendios deste mes de agosto. O lume tamén queimou 81 hectáreas de monte en Sobrado. P13

Melide recibe o San Roque coas mellores orquestras



Combo Dominicano, París de Noia, Panorama ou Fania Blanco Show tocarán na vila entre os días 14 e 20. Antonio Orozco será unha das actuacións estelares .P9

**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS
TERRA DE MELIDE**

25 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com

Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Os gandeiros sacan 500 tractores á rúa para reclamar “prezos xustos” para o leite

Os gandeiros das comarcas de Arzúa e Melide botáronse masivamente á rúa o pasado 10 de agosto para reclamar un prezo digno para o leite e para esixirlle ás administracións que adopten medidas urxentes ante unha das peores crises que recorda o sector.

Arredor de 500 tractores acudiron á chamada da Plataforma en Defensa do Sector Lácteo e participaron durante case seis horas dunha marcha lenta pola estrada N-547 con punto de saída e chegada en Arzúa, pasando por Melide.

A comitiva comezou a rodar ás 11 da mañá e dúas horas e media máis tarde facía entrada na vila melidense o primeiro dos tractores, tocando a bucina e portando unha pancarta co lema “prezos xustos para todos”. Á súa chegada os manifestantes botaron man de ironía para manifestar o seu malestar coa alcaldesa de Melide (PP) e co presidente da Cooperativa Melisanto (tamén concelleiro popular) por non apoiar a mobilización: “queremos agradecer a súa colaboración”, berrou un voceiro a través do altofalante, “xa que parece que non teñen nada que ver cos gandeiros e non querían vernos aquí cos tractores”.

De feito, o percorrido inicial da marcha contemplaba chegar ata as instalacións de dita cooperativa, pero finalmente os tractoristas deron volta cara a Arzúa na rotonda do centro da vila. Precisamente nese punto, numerosos espontáneos decidiron facer caso omiso das indicacións dos axentes de Tráfico e entre aplausos do público congregado no lugar botáronse á rúa para taponar as saídas da glorieta cara a Lugo, A Coruña e Agolada, interrompendo por completo a circulación de automóviles. O amago de multa a un tractorista provocou que a marcha se detivese durante unha hora nas rúas de Melide ata que sanción foi cancelada.

Na tractorada participaron gandeiros de Arzúa, Touro, Boimorto, Santiso, Toques e Melide. Dentro das cabinas puidéronse ver moitos mozos e mozas, ao igual que cativos

acompañando a seus pais, no que quixo ser unha mensaxe dos manifestantes para alertar de que hai futuro no agro pero está en perigo.

Ao paso da tractorada por Melide numerosos comercios baixaron as súas rexas en sinal de solidariedade coas reivindicacións dos gandeiros. O apoio foi máis notable en Arzúa, onde a maioría dos establecementos permaneceron pechados dende o mediodía ata as cinco da tarde, cando chegaron de volta os tractores.

Antes de que iso acontecera, realizouse unha manifestación a pé polo centro da vila arzuá, que rematou coa lectura dun manifesto ante a casa consistorial. Nel os gandeiros deron conta do “drama” que están a vivir, con prezos “que nin sequera cobren os custos de produción e baixo ameaza de deixar de recollernos o leite”. Acusaron á Consellería do Medio Rural de “relativizar o problema” e esixiron que se impida o uso do leite como produto reclamo nos supermercados, que se desenvolva a figura do mediador para garantir unhas negociacións coa industria en condicións de igualdade e que se potencie o consumo.

Fartos de “seguir con reunións eternas”, segundo dixo a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba, os gandeiros pídenlle ao Ministerio de Agricultura que dea un golpe enriba da mesa e siga o modelo francés, establecendo un nivel mínimo nos prezos que garanta a viabilidade das explotacións. A este respecto a Conselleira do Medio Rural contestou que as administracións só poden tomar medidas legais e que para seguir o exemplo de Francia hai que consultar coa Comisión Nacional de Competencia e coa Comisión Europea: “as solucións máxicas quedan moi bonitas para dicirlas á xente, pero cando as analizas dáste de conta que esa non é a maneira de resolver o problema”, respondeu Quintana, quen asegurou que a Xunta xa está a conceder axudas e a traballar na reestruturación do sector.



Tractores chegando e saíndo da rotonda de Melide



Cantón de San Roque, Melide. “A vaquiña polo que vale”



Os tractores ocuparon case todo o tramo da N-547 Arzúa-Melide



Espontáneos botáronse á rúa en Melide para cortar o tráfico

AS FRASES

“Conselleira, nin con esta malleira nos axeonllaremos”

Lema escrito na cisterna dun tractor

“As solucións máxicas quedan moi bonitas pero non resolven os problemas”

Rosa Quintana
Conselleira do Rural

“Se facer manifestacións soluciónase os problemas, sería a primeira en acudir”

Ánxeles Vázquez
Alcaldesa de Melide

“O problema quédase cando o negan”

Manifesto gandeiro

“A Xunta non ten peso político nin vontade; non se pode seguir con reunións eternas”

Isabel Vilalba
Sindicato Labrego

“En vez de tanto chamar a Bruxelas, que chamen a París e que aprendan”

Ángel Rodríguez
UAAA -Arzúa



Os manifestantes derramaron leite nalgúns puntos do percorrido e colapsaron a circulación

13 MILLÓNS EN AXUDAS PARA A COMARCA

Apenas catro meses despois da fin do sistema de cotas o sector lácteo de Galicia atravesará unha situación complexa, cun terzo das súas granxas con contratos polos que lles pagan menos de 27 céntimos por cada litro de leite, circunstancia que ameaza a súa viabilidade a curto prazo.

Ante esta situación e a presión do sector, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, reuniu por primeira vez a toda a cadea de valor (produtores, industria e distribución) co Goberno central. O encontro concluíu cun chamamento para que industria e distribución adopten compromisos firmes e del saíron tamén varias liñas de axuda para mellorar a liquidez das granxas e un investimento no sector de 500 millóns de euros ata o 2020 con fondos europeos.

Con estas medidas a administración autonómica quere desbotar as acusacións de parálise vertidas polos sindicatos agrarios e demostrar o compromiso que vén mantendo co sector. Así o fixeron ver tamén as deputadas populares Paula Prado e Isabel García durante unha recente visita a explotacións gandeiras de Orois e Baltar, no Concello de Melide. Acompañadas pola alcaldesa, Ánxeles Vázquez, as deputadas recordaron que a xunta investiu “máis de 13 millóns de euros” nos últimos cinco



Paula Prado e A. Vázquez nunha granxa de Melide en xullo

anos “en medidas de apoio ao sector lácteo e agrogandeiro” da comarca “tanto para a mellora das explotacións como para investimentos en infraestruturas viarias de acceso a zonas do rural”.

Da situación do sector a nivel local tamén se falou no transcurso da última sesión plenaria de Melide a raíz dunha moción presentada polo BNG sobre o asunto. Ánxeles Vázquez asegurou que “nesta comarca non hai ninguén que cobre eses prezos nin que teña leite sen recoller”, ao tempo que manifestou que “se as manifestacións solucionaran os problemas, sería a primeira en ir”. A rexedora aproveitou para apuntar as eivas nas que ao seu xuízo hai que traballar; unha delas dar-

lle valor engadido ao produto transformando o leite en derivados. Tamén apostou por facer das Organizacións de Produtores Lácteos axentes negociadores que impulsen contratos colectivos e por poñer en marcha campañas publicitarias que contrarresten a diminución no consumo.

Dende a oposición o BNG argumentou que “sen modificacións legislativas que permitan establecer un prezo mínimo, non temos opcións”. Ao mesmo tempo acusou á clase política gobernante de demostrar “un alto grao de ineptitude e parálise ante unha situación moi grave”. O PSOE lamentou que “tendo o PP poder absoluto en Bruxelas, Madrid, Santiago e Melide, non atopades solucións”.

OPINIÓN

Dignidade labrega

Vanessa Martínez, xornalista

Cando na escola nos ensinaban que o sector primario estaba na base da pirámide non tiñamos aínda na cabeza que o seu nome non vén por ser o máis básico, senón por ser o que sostén de todo.



Durante moitos anos, os gandeiros foron sobrevivindo a crises e decisións políticas que parecían pensadas para ir medindo as forzas dos que daban sobrevivido. Aínda así, profesionalizáronse, sacaron a cabeza no medio dos paus, das cotas millonarias que descapitalizaron por completo a moitos deles, e continuaron sendo a base económica deste país. Porque os gandeiros non son só os que se manifestan nos seus tractores: son os que estudan os fillos (ou os netos) na universidade deste país. Son os que enchen os maleteiros dos coches de patacas, chourizos e fiambreiras cada domingo para que os seus coman “da casa” toda a semana.

E agora, despois de venderlles un sistema máxico de concentración parcelaria, que chega cando xa non hai quen traballe a terra; cando xa non é suficiente que os gandeiros teñan máis burocracia ca avogados, resulta que o froito do seu traballo e da súa superación xa non vale nada.

A resposta non podía ser menor cás tractoradas destes días, que son unha expresión de dignidade brutal, de alma ao desnudo, polo carácter tan definido das persoas –homes e moitas mulleres– que son gandeiras. Todo o contrario ao que dicía na prensa algún cacique do sector, os gandeiros non teñen tempo para andar de festa cando todos andan: moxen cando os festeiros dormen, andan á herba seca cando os outros enchen as praias, teñen nas vacas un espertador natural que nunca se pode programar nin apagar para dar outra volta na cama. Oficios vencellados ao corazón, a toda unha vida, que se foi construíndo dende os primeiros recibos que deixaba o leiteiro enriba dos bidóns de aceiro.

Recuperar os prezos do leite, que é o prezo do traballo, do esforzo e da raíz dun país non é só cuestión política. Non se trata de xustiza, trátase de dignidade. Mais, como dicía unha das estampas de Castelao, na que falaban dous labregos: “Vendiches ben a vaca? Vendín, mais aínda non me chega pra librame da xustiza”.

Parrillada Pilmar e Casa Estilo triunfan no VI Melide de Tapas

A sexta edición do concurso Melide de Tapas, que se celebrou entre os días 24 de xullo e 2 de agosto coa participación de 14 locais hostaleiros da vila, xa ten gañadores: Casa Estilo e Parrillada Pilmar. Ese foi o resultado das deliberacións do xurado profesional e dos votos emitidos polo público, que se deron a coñecer recentemente nas oficinas da Asociación de Empresarios Terra de Melide.

En concreto, a tapa presentada por Casa Estilo, denominada Berbequecho, foi a favorita do xurado profesional, que lle outorgou unha puntuación de 104 puntos sobre un máximo de 120. O segundo posto foi para o Saltamontes, de Parrillada Pilmar, que obtivo tan só un punto menos, 103. En terceiro lugar o xurado situou a Filloa Taboada, de Pulpería Taboada, cunha puntuación de 99 puntos. En cuarto posto quedou a tapa de Xebre, no quinto a do Bar Godiva e no sexto a da Fundación.

Por outra banda, tamén se entregaron os premios correspondentes ao votos emitidos polos clientes durante os dez días de concurso. Neste caso, a tapa favorita do público foi a elaborada por Parrillada Pilmar, que obtivo unha nota de 2,974 sobre 3. En segundo lugar quedou a tapa de Pulpería Taboada, cun 2,965 e o terceiro posto foi para a Larpeirada presentada pola Tenda Xebre. Tivo unha puntuación de 2,964. En cuarto, quinto e sexto posto quedaron respectivamente as tapas de Casa Estilo, Cafetería Cire e Casa Alongos.

As tapas gañadoras

Berbequecho, a proposta de Casa Estilo, é unha tapa composta por queixo de cabra, berberecho e albahaca sobre unha tosta de pan con tomate. Na súa elaboración Alberto Rodríguez, creador do petisco, buscou “realzar o sabor do mar”. De aí que o berberecho fose o protagonista da tapa: “queríamos que tivese sabor e potencia”, comentou o responsable de Casa Estilo pouco

despois de recoller o premio. É por iso que un dos segredos da tapa foi “abrir o molusco poucos segundos antes de servilo”. A isto sumóuselle “o toque fresco da albahaca” e o contraste dun “sabor forte” como o do queixo de cabra.

No caso de Parrillada Pilmar, que participaba por primeira vez no concurso, a tapa consistiu nunha pata de coello á brasa con tomiño sobre crema de queixo Arzúa-Ulloa e tomate Cherry. Segundo conta o responsable do negocio, José Manuel Mariño, decidiu enfocar a tapa “ao que mellor se nos dá no local, que é a carne á grella”.

Repercusión nas redes

Durante os 10 días de concurso os establecementos participantes venderon 2.300 tapas. Segundo os datos da organización e as papeletas de votación recollidas, os locais que máis petiscos repartiron foron, por esta orde, Pulpería Taboada, Casa Alongos e Casa Estilo.

O Melide de Tapas tamén tivo unha notable repercusión nas redes sociais, con máis de 250.000 impactos en Twitter e unha audiencia estimada de 40.000 persoas.

Premios para os clientes

Ademais de dar a coñecer o nome das tapas gañadoras, Asetem e Elemental Chefs tamén sortearon oito premios entre os clientes que participaron na ruta: unha noite no Pazo de Eidián, unha noite no Hotel Louxo da Toxa, un lote de produtos de Bodegas Mejuto, un lote de produtos de Casa Alongos, un lote de produtos de Cárnicas García, dous lotes de queixos da D.O. Arzúa-Ulloa e un pack de botellas de vermú galego Nordesía. Os nomes de todos os premiados e os seus respectivos suplentes pode consultarse na páxina web www.asetem.com.

Ademais, por cortesía de Galicia Calidade, o establecemento premiado polo xurado profesional (Casa Estilo) recibiu como agasallo unha visita á Adega Os Eidios, en Sanxenxo.

ENTREGA DE PREMIOS



Casa Estilo



Parrillada Pilmar



Pulpería Taboada



Tenda Xebre

PREMIOS DO XURADO PROFESIONAL

1



Berbequecho
Casa Estilo

104 puntos (sobre 120)

2



Saltamontes
Parrillada Pilmar

103 puntos

3



Filloa Taboada
Pulpería Taboada

99 puntos

4



Larpeirada
Tenda Xebre

92 puntos

5



Arepa Reina
Bar Godiva

82 puntos

6



Segredo de menta
A Fundación

81 puntos

PREMIOS DA VOTACIÓN POPULAR

1



Saltamontes
Parrillada Pilmar

Nota: 2,974 (sobre 3)

2



Filloa Taboada
Pulpería Taboada

Nota: 2,965


3



Larpeirada
Tenda Xebre

Nota: 2,964

4



Berbequecho
Casa Estilo

Nota: 2,948


5



Toma-Tada
Bar Cire

Nota: 2,887

6



Crema de melón...
Casa Alongos

Nota: 2,883

Mercamelide, o 29 e 30 de agosto

Agosto tamén rematará este ano cunha nova edición do Mercamelide. O Pazo de Congresos e exposicións abrirá as súas portas os días 29 e 30 en horario ininterrompido de 11:00 a 20:00 horas para acoller a máis de 30 negocios da vila que aplicarán descontos de ata o 80% en artigos de todo tipo.

Previa consulta cos comerciantes, a data do Mercamelide de verán foi unha das primeiras resolucións que aprobou a nova Mesa Local de Comercio, á que se incorporou o Luis Arias como representante do Concello en substitución



A Mesa Local de Comercio aprobou a celebración do Mercamelide

de Santos López. A presidenta é Ánxeles Vázquez e como suplente designouse á concelleira Rosa Cabado.

Obxectivo: venda de parcelas no polígono

O Concello de Melide segue a traballar co obxectivo de completar a venda de todas as parcelas libres do polígono da Madanela. Con ese propósito a alcaldesa reuniuse coa responsable de Xestur, María Porto, e con varios empresarios interesados para explicar “de primeira man” o proceso de adquisición. No encontro tamén se analizou cada un dos terreos “para ver o aproveitamento máis axeitado para cada parcela” e abordáronse os descontos no solo industrial que puxo en marcha a Xunta para incentivar o emprendemento. Vázquez valorou ademais posi-



Ánxeles Vázquez e María Porto, responsable de Xestur

tivamente a aprobación do tramo Arzúa-Melide da A-54, que suporá para o polígono “unha mellora importante”.

Cheque de 100 € para Julia Salgado

O concurso *Sintoniza co teu comercio*, que Asetem leva a cabo en colaboración coa radio municipal segue repartindo premios entre a clientela das tendas de Melide. Neste caso a afortunada foi Julia Salgado Rouco, veciña de Toques, que se fixo co cheque-regalo de 100 euros correspondente ao mes de xullo. Poderá gastalo en calquera dos establecementos asociados a Asetem. Neste mes de agosto, con motivo da festas, *Sintoniza co teu comercio* fará un descanso. O concurso volverá ás ondas no mes de setembro.



Julia recolleu o premio en Asetem acompañada polas súas netas

COS CINCO SENTIDOS

Consellos para a prevención de riscos laborais

María Botana Rocamonde

Responsable do Servicio de Prevención de Riesgos Laborales da Confederación de Empresarios de A Coruña



5. Recursos preventivos

No ano 2003, unha reforma da lei de prevención de riscos laborais introduce unha serie de cambios co obxectivo de combater os sinistros laborais, fomentar unha auténtica cultura preventiva, integrar a prevención nas empresas e mellorar no cumprimento da normativa.

Entre os aspectos modificados, permítese a habilitación de funcionarios públicos que exercen labores técnicos en materia de prevención de riscos laborais e colaboran coa Inspección de Traballo, contribuíndo ao control do cumprimento da normativa. Para favorecer a integración da prevención, preséntase o plan de prevención que cada empresa debe deseñar contando coa participación do persoal e previa identificación e avaliación de riscos. Introdúcese tamén un regulamento específico para mellorar a coordinación empresarial en prevención e implántase a figura do recurso preventivo como unha mellora na organización dos recursos.

Que é un recurso preventivo? Trátase de un ou varios traballadores/as designados, membros do servizo de prevención alleo ou un ou varios traballadores/as da empresa que, sen formar parte do servizo de prevención propio nin ser designados, reúnan coñecementos, cualificación, experiencia e formación en prevención (como mínimo un nivel básico de PRL).

Cando se necesita un recurso preventivo? Naquelas situacións nas que os riscos poidan verse agravados pola concorrencia de varias operacións, cando se realicen actividades ou procesos que regulamentariamente sexan considerados perigosos ou cando o requira a Inspección de Traballo.

Cales son as funcións dos recursos preventivos? Principalmente son vixiar o cumprimento das actividades preventivas (comprobar a súa eficacia, a adecuación aos riscos definidos e aos non previstos), dar indicacións necesarias se son detectadas deficiencias no cumprimento das actividades preventivas e dar traslado ao empresario/a sobre a ausencia, ineficiencia ou falta de adecuación das medidas preventivas.

Por todo iso, o recurso preventivo é unha figura imprescindible, xa que se trata dun/dunha profesional que vela polo cumprimento da prevención nun centro de traballo. Xeralmente o recurso preventivo encárgase de velar polo cumprimento das actividades preventivas no centro de traballo, das medidas establecidas no plan de seguridade e saúde, de realizar unha correcta coordinación de actividades empresariais e de seguir as instrucións do coordinador/a de seguridade.

Asetem-Cca repetirá a Noite Aberta tralo éxito da primeira edición

O día 30 de xullo o comercio asociado de Melide abriu as súas portas ata as 12 da noite e aplicou dende a media tarde grandes descontos nos seus produtos. As tendas ofreceron pinchos e luciron unha decoración especial para a primeira edición da denominada Noite Aberta.

A incerteza planeaba sobre esta iniciativa por ter o comercio melidense un horario de apertura xa de por si amplo e por coincidir cunha época de rebaixas próxima á celebración do Mercamelide. Chegado o día, despexouse calquera tipo de dúbida: o éxito tanto de vendas como

de público e a satisfacción xeneralizada das tendas participantes levaron a Asetem, a entidade promotora, a garantir que haberá unha próxima edición o ano que vén.

Dende a patronal manifestan que están “abertos a cambios” tanto na data como no que á incorporación de novidades se refire: “as primeiras edicións sempre serven para tantear o terreo e aínda que teñan éxito é unha obriga traballar para que as seguintes sexan mellores”, declara o presidente da entidade, Manuel García. Co obxectivo de que a Noite Aberta acabe tendo “unha repercusión semellante



As tendas notaron un incremento de clientela. Na imaxe, Mis Mejores Labores ategada de xente

á do Mercamelide”, Asetem convocará nos próximos meses aos seus asociados para recoller suxestións e debater con eles novas ideas.

Un dos principais retos de Asetem é que na próxima

Noite Aberta participen “o dobre de comercios” (nesta edición inscribíronse 20) e que se consiga unha implicación semellante á que houbo este ano. Sobre ese aspecto Manuel García asegura sen-

tirse moi satisfeito: “os comercios tomaron moi en serio a campaña, entenderon o que había que facer, traballárona e por iso saíu ben”, declara, “Asetem é un simple mediador, o éxito é deles”.

Cientes premiad@s na NOITE ABERTA

Ademais dos descontos, que nalgúns casos chegaron ao 80%, a Noite Aberta do comercio melidense tivo outros atractivos: servíronse nas tendas petiscos e vermú, pallasos levaron globoflexia e sorrisos tenda por tenda e un grupo musical amenizou as rúas dende media tarde.

O colofón á xornada púxoo o sorteo de 14 premios entre todos os clientes que realizaron algunha compra nos comercios participantes. Realizouse de xeito presencial no Cantón de San Roque e grazas á colaboración desinteresada dos seguintes negocios e marcas: Moda Dándolo, Galaica Bisutería, Sisuka, Multiópticas Tábora, Librería Vitorio, Xoiería Oro Lei, Mis Mejores Labores, Alain Afflelou Melide, Electrosan, Romero Zapaterías, Muxica, Vermú Nordesía, Hotel Balneario Río Pambre e D.O. Protexida Arzúa-Ulloa.



Lupe Balboa
Sesión no Balneario Río Pambre



Alberto Villamor
Lote de queixos D.O. Arzúa-Ulloa



**HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE** ★★

Tlf: 982 153 232 / 679 035 713



IMPRENTA

eligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

Cientes premiad@s na NOITE ABERTA



Soraya Gude
Obxecto decorativo para o fogar, de Muxica



Beni Merelas
Vale de 50 €, de Electrosan



Isabel Carreira
Gafas de sol de Alain Afflelou



Sonia Díaz
Un par de zapatos de Romero Zapaterías



Pino Esther Carmona
Pixama de Mis Mejores Labores



Milagros Rodríguez
Reloxo de Xoiería Oro Ley



Ma Carmen Sánchez
Xogo infantil de Librería Victorio



Pilar Leiva
Gafas de sol e bolsa deportiva de Multiópticas



Antonio Ferro
Botellas de Vermú Nordesía



Mary Carmuega
Vale de 50€, de Sisuka



Montse Carreira (recolle a súa irmá)
Pulseira de Galaica Bisutería



Pilar Varela
Camisa de Modas Dándolo

**DES
CON
TOS**

80%

FEIRA DE
OPORTUNIDADES

**Merco
Melide**

PAZO DE EXPOSICIÓN
E CONGRESOS

horario:
11 h - 20 h

agosto
29
2015

agosto
30
2015

ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección xeral de comercio.

Concello
de
Melide

zapatos - calzado
perfumería
electrodomésticos

hogar - mobiliario
decoración

calzado - moda
lencería
complementos



Como alcaldesa de Melide diríxome un ano máis, con gran satisfacción e orgullo, a todos os melidaos e melidás mediante o tradicional saúdo da Alcaldía co gallo da festividade de San Roque, unhas festas tan sinaladas para nós.

As festas do San Roque falan de nós, identifícanos dentro dunha tradición cultural e constitúen, xunto coas outras festas da vila e parroquias, ese xeito de vida que é a expresión da nosa vila.

En primeiro lugar quero agradecer a entrega e o esforzo inestimable da Comisión de Festexos do San Roque 2015 á hora de configurar o programa das festas, que non teño ningunha dúbida de que estarán á altura das expectativas creadas por todos os melidaos e melidás.

Haberá actuacións e actividades para todos os públicos, desde música sinfónica (coa actuación como todos os anos da Orquestra Sinfónica de Melide) até sons roqueiros, pasando polas grandes orquestras e bandas de Galicia, alén de moitas actividades variadas que se desenvolverán ao longo das festas.

Tamén quero agradecer a colaboración de todos os veciños e veciñas, dos traballadores e traballadoras do Concello de Melide e das casas comerciais, pois o éxito das festas é algo que atinxe a todos e todas.

Espero que vos divirtades con todas as actividades programadas e que a hospitalidade, tolerancia e solidariedade que nos caracterizan se plasmen nestas festas para o noso propio disfrute e o dos visitantes que se acerquen á nosa localidade.

Non quero esquecerme dos melidaos e melidás, que por un motivo ou outro, non pasarán estas festas tan entrañables connosco, pero que si estarán presentes no noso recordo e corazón.

E por último, no meu nome e no da Corporación municipal, desexarvos unhas felices festas.

Anxeles Vázquez Mejuto
Alcaldesa do Concello de Melide

SAN ROQUE 2015

O San Roque invoca as multitudes cun cartel “envexado en toda Galicia”

Tiveron pouco tempo pero puxeron toda a carne no asador. A comisión de festas do San Roque 2015, coa Asociación de Hostalería á cabeza, conseguiu nun tempo record de mes e medio confeccionar un cartel “que é a envexa de toda Galicia”.

Así o define o presidente do colectivo organizador, Alberto Buján, quen en declaracións a Radio Melide, recoñeceu a “moita dor de cabeza” que deu encaixar nun mesmo programa as mellores orquestras da comunidade. Non só foi cuestión de “ir mirando os días libres que lles quedaban” senón tamén de “axustar ao máximo” un presuposto inicialmente “moi caro” que rematou sendo “bo” en relación ao punto de partida.

Finalmente as pretensións cumpríronse e París de Noia, Combo Dominicano, Panorama, Fania Blanco Show ou Cinema, entre outras orquestras, tocarán en Melide ao longo dos sete días que durarán os festexos. Isto acompañado pola actuación estelar de Antonio Orozco e as tradicionais da Orquestra Sinfónica de Melide e das bandas de música. Ao cartel súmanse as principais agrupacións de música tradicional da vila e un peche tamén en clave galega con Sés.

“Non queremos desprezar a ninguén pero pensamos que Melide necesitaba unhas festas así, boas, coma as que se facían anos atrás”, declarou Alberto Buján. A ambición da comisión de festas responde ao obxectivo de facer da vila “un punto de referencia” e conseguir que sexa “o motor” do centro de Galicia: “vai vir moita xente, vanse gastar moitos cartos e será beneficio para todos”, explicaron os organizadores. Sobre o custo total do San Roque 2015 aseguran que darán “todos os detalles” unha vez que rematen os festexos pois, na súa opinión, “todas as empresas



da vila deben saber o que custa facelos”.

Máis que música

Ademais das actuacións musicais, como adoita acontecer, o San Roque complétase con numerosas actividades de lecer, como a marcha ciclista do día 15 ou o xa famoso Campionato de Tirapedras da Galiza Central, que chega este ano á súa novena edición. Será o día 19 a partir das 11:30 horas na Praza das Coles. Tamén en clave deportiva, o domingo 16 disputarase un partido de fútbol sala no polideportivo municipal entre o Santiago Futsal e o Prone Lugo. Ese mesmo día os alumnos do conservatorio farán un percorrido musical polo casco antigo.

Non podería faltar no San Roque o Día do río (mércores

19), con xantar multitudinario e animación musical. Tampouco o Día do neno (xoves 20), no que os máis cativos poderán gozar das atraccións a prezos especiais.

Como preludio do que é a festa en si, o Concello de Melide contribuíu a animar o ambiente da vila coa organización do IV Mercado Medieval, que durante os días 11, 12 e 13 levou á zona vella máis de 75 postos inspirados en oficios da Idade Media, dende artesanía e gastronomía pasando polas xoias e os xoguetes. Durante as tres xornadas, en horario de 11:00 a 14:30 e de 18:00 a 23:30 sucedéronse na diferentes rúas do casco vello espectáculos de malabarismo e lume, actuacións musicais, shows de maxia e representacións teatrais.



San Roque 2015

Un ano máis o grupo municipal do BNG non quere deixar escapar a oportunidade que nos brinda o xornal CERNE para felicitar as festas á veciñanza e visitantes.

Sen lugar a dúbidas agosto representa a locomotora que ciclicamente chega á mesma estación para apea un senfín de reencontros, sorrisos, abertas e experiencias que infunden en todos e cada un de nós a enerxía necesaria para afrontar o resto do ano.

Non obstante, esta locomotora non é unha máquina inmóbil, senón que para chegar ata aquí ten que ir facendo múltiples paradas nas que non todo é festa e diversión. En moitas desas estacións soben aos nosos vagóns, e ocupan os seus asentos, personaxes como o desemprego, a precariedade, a inxustiza, os recortes sociais, a corrupción e mesmo a fame, facendo cada día máis difícil o avance dun tren que debería ser recargado de esperanza, de toneladas da esperanza necesaria para ter verdadeiras oportunidades de mudar as cousas.

Por desgraza, non existe unha píldora que poidamos tomar e nos permita vivir no país das marabillas. O que existe é o pensamento crítico e a persistencia en non aceptar esta pesada carga só porque outros nolo din ou porque iso é o que opinan os poderosos, a maioría, os outros. É por iso que somos máis que conscientes do longo camiño percorrido, das numerosas trabas atopadas no seu avance e da importancia desta festividade.

Temos os suficientes motivos para celebralo, pois chegar de novo á estación da ledicia non é tarefa fácil para unha locomotora democrática, constante e viva,



para unha locomotora que precisa da vosa implicación para abarrotala non de heroes, senón de ideas que ocupen os asentos asignados a eses personaxes desagradables dos que vos falabamos. Pero non tod@s foron quen de chagar a esta nova parada. É por eles que temos a obriga de cambiar de vía aínda que saibamos que non escoller o camiño fácil nos carrexe custes persoais, e para elo somos precisos todos e todas, pois só coa forza do grupo lograremos o empuxe necesario para que se poña en marcha coa forza suficiente para poder arribar de novo.

O filósofo Francès Jean-Jacques Rousseau inventou, xa hai dous séculos, unha historia sobre un grupo de cazadores que habitaban nalgunha parte do Amazonas ou África. Equipados con redes, arcos e frechas saían a cazar un gran cervo para levalo ó campamento, compartilo e poder alimentar as súas familias. Tras albiscar a súa presa deciden rodealo, formando un círculo, amodo e sen facer ruído para non espantalo. A súa estratexia consistía en lanzar as redes de cada un para así poder matalo coas frechas unha vez inmobilizado. O problema é que para levar a cabo

o seu plan precisaban de un día enteiro e se non eran capaces de capturalo todos pasarían fame. Eran ademais conscientes de que o seu intento fracasaría se alguén do grupo os abandonase para cazar lebres ou se un dos cazadores se despistaba e deixaba que o cervo escapase pola súa parte do círculo, destruindo o traballo de todo o colectivo.

A alegoría de Rousseau demostranos que para que os nosos esforzos colectivos logren o seu obxectivo é preciso xerar optimismo na sociedade á que pertencemos. Crer que é posible lograr algo propicia que fagamos todo o necesario para que se transforme en realidade, e entón as nosas previsións optimistas cumpriranse. O mesmo serve para o suposto contrario, se cremos que algo é difícil de lograr, entón non faremos todo o que fai falla para logralo e o noso intento fracasará. Chegou pois o tempo de recargarnos de optimismo para poder pór de novo en marcha o tren, pero un tren dirixido polo pobo cara un camiño de esperanza tan necesario.

Dende o grupo municipal do BNG de Melide desexámosvos un San Roque cargado de optimismo e esperanza.

Fomento aproba o tramo Arzúa - Melide da A-54 e destina 12 millóns

O Ministerio de Fomento acaba de darlle luz verde ao proxecto de trazado para o tramo da A-54 entre Arzúa e Melide. Superado o trámite de información pública e de recollida de alegacións que se abriu en febreiro, a resolución foi publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE) do 3 de agosto e supón un paso adiante para o treito da autovía Santiago-Lugo que máis atraso acumula.

Con todo, o ministerio modifica as súas previsións e fixa para 2019 o remate dos traballos, un ano máis tarde do contemplado nas anteriores estimacións. Así se reflicte no Proxecto de Presupostos Xerais do Estado para 2016, presentados recentemente polo goberno central e nos que se asigna unha partida de 12 millóns de euros para o tramo Arzúa-Melide, cantidade que permitirá licitar e iniciar as obras o próximo ano.

En total Fomento destinará en 2016 preto de 57 millóns

de euros para a construción da A-54. Desta cantidade, resérvanse 7,5 para o tramo Melide-Palas de Rei e 23,9 para o que transcorre entre Lavacolla e Arzúa. Algunhas das partidas servirán para pagar treitos que xa están en funcionamento ou que entrarán en servizo proximamente, como é o caso do tramo entre Palas de Rei e Guntín, que se abrirá á circulación a finais deste ano.

Reclamacións

Publicada a resolución no BOE sobre o treito Arzúa-Melide, o Concello saíu á palestra para informar que aqueles bens afectados pola autovía que non aparecían contemplados no proxecto de trazado serán revisados e valorados "adecuadamente" durante a redacción do mesmo.

Ademais, mentres se tramitan as expropiacións, os afectados poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas. Por outra banda,

no proxecto de construción modificarase "a titularidade e a superficie daquelas parcelas cuxos propietarios acheguen documentación suficiente".

Velocidade limitada

Os 28 quilómetros de autovía entre Arzúa e Palas de Rei terán a velocidade limitada a 100 km/h, no canto dos 120 km/h xenéricos para ese tipo de vías. A restrición, que se contempla no proxecto de licitación e na declaración de impacto ambiental destes tramos, obedece ao cumprimento das normativas que obrigan a limitar a velocidade cando as autovías atravesan zonas protexidas ambientalmente (como a Serra do Careón), espazos agrícolas ou viadutos.

Non serán os únicos tramos limitados. O que transcorre entre Guntín e O Picato, xa inaugurado, tamén ten velocidade limitada. Se as normas non cambian, as restricións afectarán a 50 km da A-54.



Obras nun dos tramos da A-54 (Jesús Ponte)



Tramo xa inaugurado entre Guntín e Monte Meda (Azierta)

Retiran os xogos do Parque Rosalía polo perigoso estado que presentaban

O Parque Rosalía de Castro permanecerá por tempo indefinido sen randeiras, tobogáns nin balancíns para os cativos. O goberno local decidiu retirar todo o mobiliario da área infantil ante o "elevado perigo" que supoñía o mal estado dalgúns dos xogos.

Logo da voz de alarma lanzada por algúns pais e tras pechar as instalacións durante varias semanas e colocar carteis informativos, o executivo municipal decidiu cortar polo san e desmantelar por completo a área de xogos "para evitar calquera incidente que se puidera producir". A decisión amparouse nun informe elaborado polo arquitecto do Concello no que se daba conta de que o material empregado no parque "se desintegra para converterse en serrín".

O parque Rosalía de Castro foi construído hai cinco anos e á hora de buscar responsabilidades na súa rápida dete-



Proceso de retirada do mobiliario e detalle da madeira podre

rrioración a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, bota a vista atrás e culpa ao bipartito BNG-PSOE. Segundo deu a coñecer a través dun comunicado, en relación cos xogos da área infantil "non consta en ningún deles a acreditación de cumprir coa normativa da CEE nesta materia, ao tempo que tampouco consta no concello ningunha

ficha ou inventario que acredite o cumprimento en materia de seguridade".

A isto os populares engaden que a infraestrutura, que custou 325.000 euros, foi feita en varios proxectos e a través de contratos menores, o que imposibilita que se lle poidan pedir responsabilidades a ningunha das empresas

xa que, aseguran, "en ningún dos proxectos figura o parque infantil como tal".

A área infantil terá que ser construída de novo, algo para o que non hai data concreta nin cartos suficientes neste momento, segundo adiantou xa o mes pasado o goberno local. Haberá que agardar ao próximo ano para incluír unha partida nos presupostos de 2016.

Mal estado xeral

Á marxe da área infantil, o PSOE de Melide aproveitou o último pleno municipal para denunciar o "mal estado xeral" que presenta o parque Rosalía de Castro. Aseguran que é doado ver excrementos de cans, acumulación de excrementos de paxaros, bancos rotos ou céspede seco. Instan ao goberno local a "realizar inmediatamente un plan de arranxo que permita facer un mellor uso e que evite un posible risco sanitario".

Dende o PP aseguran que o mantemento é correcto pero que resulta difícil combater os efectos das bandadas de estorriños que se asentan no lugar.

Asfaltado de 12 rúas e 8 pistas

A Xunta de Goberno Local aprobou a contratación de asfaltados en 12 rúas do casco urbano e 8 pistas do rural por importe de 358.777 euros con cargo aos fondos do Programa PAI 2015. Os traballos realízanse ao longo dos próximos meses nas seguintes vías: Martagona, Curros Enríquez, Vista Alegre, Juan XXIII, Pastor Barral, Alcalde Manuel Salgado, Alcalde Antonio Ron, Circunvalación Campo da feira, Almirante Brown, Mestre Nilo Cea Rodríguez, San Cosme e Eduardo M. Turner.

No rural actuarase nas seguintes pistas: Castiñeiroa-Xubial, O Leboreiro, acceso á area recreativa de Furelos, Folladela, A Veiga, Alvite, Romeau e Sobradelo-Igrexa de San Cosme.

Vázquez arroupa o edil de sanidade e rexeita a dimisión que pide o PSOE

Os socialistas de Melide aproveitaron o primeiro pleno ordinario do mandato para poñer enriba da mesa a petición de dimisión do concelleiro de Sanidade, Benito Nebril. Deste xeito levaron á esfera institucional a denuncia que xa fixeran pública hai escasas semanas sobre o suposto malestar que existe entre os traballadores do centro de saúde pola “actitude despótica” do edil (tamén médico do ambulatorio), un malestar que segundo o PSOE derivou no envío dun escrito de protesta á Xerencia de Xestión Integrada de Santiago.

Co obxectivo de esixir responsabilidades políticas e pedir explicacións sobre o asunto, os socialistas presentaron no pleno unha moción urxente que foi tombada ás primeiras de cambio pola maioría de votos do PP. Aínda sen a obriga legal de abrir un debate sobre o tema, produciuse un intercambio de argumentos no que Ánxeles Vázquez saíu en defensa

do concelleiro e asumiu toda a responsabilidade: “respondo por el e pola súa profesionalidade”, dixo a rexedora, quen lamentou que “se poña en cuestión alguén que leva trinta

J.A Prado: “hai un escrito presentado e asinado polo 70% dos traballadores con acusacións moi graves”

anos exercendo e nunca tivo unha soa queixa de cidadáns nin de compañeiros”.

Vázquez asegurou non ter constancia de ningún escrito nin notificación por parte do Sergas e instou aos socialistas a “ter respecto institucional” e a “diferenciar o ámbito político do ámbito profesional”. Ao mesmo tempo acusounos de “ter unha mala dixestión política” e recomendoulles “non

seguir por esa liña”.

“Escasa sensibilidade”

Pola súa banda o voceiro do PSOE, José Antonio Prado, acusou aos populares de “estar amparando unha mala conduta dun político” e retou a Benito Nebril, que non interveu en ningún momento, a tomar a palabra e expoñer os seus propios argumentos: “por que renuncia a defenderse e a dicir aquí que o PSOE está mentindo?”, respondeu Prado. Ao mesmo tempo criticou a “pouca sensibilidade” da alcaldesa por facer caso omiso dun escrito “que está presentado con acusacións gravísimas” e que “asinou o 70% dos traballadores” do centro de saúde.

Os populares, para quen o asunto está zanzado, deixaron caer a posibilidade de que Nebril emprenda accións legais contra o PSOE: “é unha ilegalidade que vós teñades ese papel e a persoa afectada non”, concluíu Ánxeles Vázquez.

FOTO-DENUNCIA

Que facemos con eles?



Son moi bonitiños. Dá gusto velos voar e sorprenden cando van en bandada e mesmo son quen de conformar unha nube negra que reta a luz do sol. Pero xa se están facendo algo pesados. Os estorniños invaden a vila cada serán deixando o mobiliario urbano feito unha... feito un excremento, como o caso deste banco do parque Rosalía de Castro que máis ben parece o pau dun galiñeiro, vítima das xenerosas dixestións destes paxaros. Como árbores hai poucas, os estorniños fan tamén festa sobre os edificios, deixando algunha que outra pluma de recordo nos patios de luces. Non é broma, é un problema. E que facemos con eles? Pídense ideas.

Melide recibe un coche patrulla e un furgón para os corpos de seguridade

A Xunta de Galicia fíxolle entrega ao Concello de Melide dun vehículo adaptado como coche patrulla para a Policía Local e dun furgón de emerxencias para a agrupación de Protección Civil.

Os vehículos foron entregados mediante un acordo de cesión por dous anos, permitindo o seu uso durante 80.000 quilómetros e coa posibilidade de ampliar o convenio por outras dúas anualidades. Ademais de Melide, tamén resultaron beneficiados os concellos de Ames, Boiro, Carnota, Cariño, Fene, Corcubión, Fisterra, Muros, Ordes, Oroso, Ribeira, Porto do Son e Teo. As concesións fixéronse atendendo a criterios como a ratio entre policía e habitantes ou a antigüidade dos vehículos e só en concellos con menos de 50.000 habitantes.

Brigadas contra o lume
Tamén en materia de segu-



Os dous vehículos novos aparcados na Praza do Convento

ridade, neste caso antiincendios, a Xunta puxo o foco sobre Melide, que é o concello da provincia que máis efectivos solicitou e conseguiu impulsar a creación de tres brigadas para a loita contra o lume.

Están constituídas cada unha delas por seis membros e realizan actividades de limpeza como a roza e a elimina-

ción de restos en terreos municipais, de dono descoñecido ou en vías nas que é imposible acceder con máquinas. Ademais cooperan na defensa contra os lumes integrándose no dispositivo do Distrito Forestal ao que pertence Melide. As tres brigadas contan co apoio doutros tres condutores de motobomba.

Critican a actitude da alcaldesa ante a protesta dos gandeiros

O BNG denuncia que Ánxeles Vázquez “foi de festa en plena tractorada”

O BNG de Melide quere que a alcaldesa lle pida perdón ao pobo pola actitude mantida durante a manifestación de gandeiros que transcorreu polas rúas da vila o pasado día 10.

Os nacionalistas denuncian que, lonxe de apoiar a tractorada e facer acto de presenza, Ánxeles Vázquez foi ese día á sesión vermú das festas de Maceda. “A alcaldesa debe dar explicacións ante o sector pola súa falta de apoio”, esixe o voceiro dos nacionalistas, Xosé Igrexas, “ou non lle queda outra que dimitir por honradez e por non cumprir coas súas funcións nun concello rural como é Melide”. O BNG considera que a postura mantida por Vázquez ante a crise do

sector lácteo é “lamentable” e critica que o tenente de alcalde e presidente da Cooperativa Melisanto tampouco aparece na manifestación.

Ao fío da protesta, a alcaldesa explicou na radio municipal que as manifestacións non arranxan problemas e que “hai distintas accións que se poden levar a cabo” para apoiar aos gandeiros. “A máis importante”, dixo, “e na que eu estiven dándoo todo, é a consecución de 3,5 millóns de euros para que Lasurgal xunto coa cooperativa ICOS faga aquí a transformación do soro. Antes facíase no exterior e agora vaise facer en Melide. Esa é a mellor nova que ten o sector lácteo dende hai moito tempo nesta comarca”.

Toques reclama unha mellor xestión da Rede Natura para evitar incendios

O lume queimou 321 hectáreas de monte no municipio

O concello de Toques converteuse na segunda fin de semana de agosto no epicentro da vaga de incendios que afectou a Galicia. O lume queimou no municipio 321 hectáreas de monte baixo e arborado, 112 das cales pertencían ao espazo protexido da Rede Natura. O incendio permaneceu activo case dous días, 45 horas exactamente, e a súa extinción requiriu un amplo despregue de medios: 9 avións, 7 helicópteros, 19 motobombas, 31 brigadas e 14 axentes forestais.

O lume comezou a arder o domingo día 9 pouco despois do mediodía a carón da vía que comunica Villamor con Goiás. Segundo explica o alcalde de Toques, José Ángel Penas, “nun principio parecía fácil de controlar” pero “por falta de medios ou por exceso de confianza” as lapas acabaron cruzando a pista e a partir

dese momento o lume “descontrolouse e xa foi imposible de frear”.

Casas ameazadas

Os momentos de maior tensión producíronse cando o incendio chegou a ameazar os núcleos habitados de Villamor e Irago de Abaixo, aos que o río lles fixo un favor: “foi unha barreira importante e axudou a frear o lume”, comenta o rexedor, quen destaca que a maior presenza de medios foi determinante para evitar que as casas resultasen afectadas.

Non foi o único susto, pois avanzada a tarde as lapas tamén ameazaron a aldea de San Martiño e posteriormente Pena Trigueira e Penagundín, xa dentro do termo municipal de Melide.

Lume sobre queimado

A falta dos informes oficiais da

Consellería do Medio Rural, José Ángel Penas sinala que “hai moitas probabilidades de que o incendio fose provocado” e recorda que hai exactamente nove anos ardeu a mesma zona.

Ao seu xuízo, situacións semellantes volverán a repetirse se non se xestiona doutro xeito a Rede Natura: “ata agora o monte incluído nela estivo completamente abandonado”, di, “se queremos espazos protexidos hai que xestionalos”. Ao mesmo tempo asegura comprender a indignación dos veciños, “que non poden nin tocar as fincas para limpalas e logo ven como se converten nun polvorín”.

Ademais do incendio de Toques, o lume tamén queimou 65 hectáreas de monte raso e 16 de monte arborado na parroquia de Codesoso, concello de Sobrado.



BNG Toques

Na extinción do lume participaron 9 avións e 7 helicópteros



José González

Vista do incendio dende Melide, a onde chegaron o fume e a cinza

Juan González, novo presidente da Asociación de Cazadores de Melide

A Asociación Deportiva de Cazadores de Melide estrea presidente tras vinte e cinco anos con Manuel García Vázquez á fronte. Relevarao no cargo Juan González González, veterinario de profesión e vencedor das eleccións á xunta directiva que a sociedade celebrou o pasado 19 de xullo.

A candidatura liderada por Juan González recibiu 140 votos fronte aos 90 que obtivo a lista encabezada por Ramón Torreiro Otero. Rexistrouse ademais un voto en branco nuns comicios cunha elevada participación (87,5%) nos que acudiron ás urnas 231 dos 264 socios con dereito a voto.

A nova xunta directiva está integrada por 13 persoas. Dela forman parte, ademais de Juan González como presidente, José Luis Tarrío Prieto (vicepresidente), Francisco Salvado Boo (secretario) e José Mourazos Buján (tesoureiro). Como vogais figuran



Adolfo Álvarez

David Balado Segade, José Vázquez Valiño, Jesús Gómez García, Carlos Blanco González, José Ramón Garea Fernández, Rufino García Mahía, José Luis Sueiro Sánchez, Emilio Ramos Barreiro e Jesús Abel García Santos.

Crear un clima cordial

O novo presidente asegura que

foi “a insistencia dos compañeiros de caza” a que o levou a optar ao cargo e a superar as reticencias iniciais: “aínda que é unha sociedade pequena, sabía que en Melide había un ambiente raro entre uns cazadores e outros e que iso me ía dar que facer”. Con este punto de partida, o principal obxectivo de Juan González será

crear un clima de cordialidade e “devolver a harmonía ao grupo”. Nesa liña explica que “hai dous bandos con visións diferentes pero eu lévome ben con todos e a ver se logro que haxa bo ambiente e poidamos gozar da caza sen problemas”.

Mingua de exemplares

Outro dos retos que ten Juan González enriba da mesa é manter o número de pezas de caza no coto melidense, minguido ano tras ano debido a pestes e enfermidades, sobre todo no que ao coello e á lebre se refire: “a situación está fatal en toda Galicia e co coello temos unha desgraza dende hai cinco anos coa peste da hemorragia vírica”, explica, “os que se botan nas repoboacións xa van vacinados pero o tratamento só é efectivo durante seis meses e despois quedan expostos igual”.

Este ano ceibaranse nos montes locais arredor de 1.200 coellos (xa mercados pola anterior directiva) e tamén perdices, a outra especie de caza menor característica do coto melidense.

O goberno de Santiso aproba retribucións e reparto de áreas

O equipo de goberno de Santiso aprobou no pleno de organización do Concello unha dedicación exclusiva para o alcalde, Manuel Adán (BNG), e outra parcial para o tenente de alcalde, Fernando Suárez (PSOE). O primeiro cobrará 1.912 euros brutos ao mes e o segundo 1.808. O PP cualificou de “excesiva” esta última retribución e definiuna como “unha burla ao pobo”. Os socialistas argumentaron que está dentro da lei e que os custos dos membros da corporación son inferiores aos do anterior mandato.

Sobre o reparto de áreas, o BNG xestionará urbanismo e obras, cultura, turismo e promoción económica. O PSOE medio ambiente, persoal e servizos.

Piden para o mosteiro de Sobrado un investimento “acorde” ao novo status



Román Rodríguez, Conselleiro de Cultura, durante a súa intervención no acto celebrado no mosteiro

Os Conselleiros de Cultura e de Medio Ambiente visitaron a mediados de xullo o mosteiro de Santa María de Sobrado para celebrar oficialmente a inclusión do edificio como ben singular dentro da declaración dos camiños do Norte e Primitivo como Patrimonio Mundial da Humanidade.

Tanto o alcalde do municipio como o prior do mosteiro aproveitaron a ocasión para

demandar maior implicación da Xunta na conservación e dinamización dos mosteiros: “as novas oportunidades que se abren deben reflectirse nun investimento acorde coa transcendencia da declaración da UNESCO”, sinalou o rexedor, Lirsardo Santos.

Pola súa banda o prior, Carlos Gutiérrez, convidou aos responsables da Xunta a “seguir implicados e compro-

metidos en el mantenimiento, conservación y mejora de este edificio emblemático”. Á vez recordou que xa no ano 1.733 se documentou o paso de 8.000 peregrinos polo mosteiro.

Os conselleiros presentaron a nova Lei do Solo, cun capítulo específico para patrimonio, como unha oportunidade para poñer en valor os camiños e os seus monumentos.

Xosé Núñez presenta novo libro no seu 93º aniversario



Xosé Núñez, acompañado por amigos, no Mesón de Visantoña

Xosé Núñez, presidente de honra da Banda de Visantoña, aproveitou a celebración do seu aniversario para presentar na terra que o viu nacer hai 93 anos o seu último libro, *La seriedad del catalán y la sabiduría del gallego*, un ensaio publicado por Ediciones Cardeñoso no que este polifacético veciño de Santiso conta as súas vivencias en Galicia e Cataluña “relatando feitos reais ao cento por cento”.

Con este son xa 16 os libros de diferentes temáticas que leva publicado Xosé Núñez, quen tiña especial interese en facer a presentación en Visantoña: “creo que todo o que fixen por aí adiante foi sempre pensando en que son de Visantoña”, dixo ante os amigos e familiares que o acompañaron no acto, “de feito o máis importante que fixen na miña vida foi ser de Visantoña”.



O goberno en minoría de Sobrado atopa a primeira pedra no camiño

A oposición obriga ao PSOE de Lisardo Santos a deixar enriba da mesa a creación da Xunta de Goberno Local

O alcalde de Sobrado, o socialista Lisardo Santos, terá que negociar a composición da Xunta de Goberno Local. A proposta que presentou ao respecto no primeiro pleno do mandato non resultou do agrado da oposición, que fixo valer a maioría que suman os seus votos para obrigar ao rexedor a deixar o asunto en punto morto e retomalo no próximo pleno.

Os dous concelleiros de Todos por Sobrado (TxS) manifestaron dende o primeiro momento a súa oposición a constituír unha Xunta de Goberno Local argumentando que “por número de habitantes non é obrigatoria”. Como alternativa propuxeron que “as decisións que non son específicas do alcalde se manteñan no pleno, xa que é o órgano máis transparente e o

único ao que asisten os veciños”, explicou Chus G. Souto.

Ante isto o alcalde asegurou que “claridade vaina haber sempre e legalidade tamén”, ao tempo que xustificou a creación da Xunta de Goberno Local na necesidade de “axilizar o funcionamento do Concello e darlle unha saída máis rápida a certos temas”.

Nun punto intermedio situouse o PP, partidario de constituír dito organismo pero contrario a que estivese integrado só por concelleiros do PSOE. “Xa que non hai maioría, propoño deixar o punto enriba da mesa e levar ao próximo pleno unha xunta de goberno negociada”, solicitou o ex alcalde e actual voceiro dos populares, Jacobo Fernández. Dita proposta foi apoiada finalmente por TxS: “nós somos contrarios á crea-

ción, pero xa que se vai constituír preferimos esperar e que se falen as cousas”, explicou a voceira dos independentes.

Como consecuencia, o goberno local viuse na obriga de aparcas a súa iniciativa e disporá agora de dous meses ata o próximo pleno para negociar coa oposición a creación e composición da xunta.

Retribucións

O pleno serviu ademais para establecer a organización do Concello e para aprobar a dedicación exclusiva de Lisardo Santos, que percibirá 39.900 euros brutos anuais en 14 pagas. Os concelleiros recibirán 50 euros por asistir ás comisións informativas e 100 euros por asistir aos plenos, que se celebrarán os últimos venres dos meses de marzo, xuño, setembro e decembro ás 19:00.



Concello de Toques



Visitas guiadas gratuítas a
San Antão de Toques

- Antigo Mosteiro Beneditino con arte prerrománica do s. XI.
- Pinturas murais do s. XV.
- Imaxes do Calvario do s. XII.

—●—
Visitas semanais

Información e reserva:

666 49 38 60 - 650 14 65 45 - 610 00 21 85



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc...


Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com

Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

INMOBILIARIA **MELIDE** MEDICIONES

INMOBILIARIA

TOPOGRAFÍA



- . Pisos
- . Casas
- . Terrenos
- . Bajos
- . Alquileres
- . Valoraciones ...
- . Catastro
- . Parcelaria
- . Particiones
- . Mediciones
- . Informes
- . Casos Dificiles
- . Seguros

Ronda de A Coruña, 68 Bajo Izq.
Melide (A Coruña)

www.melidemediciones.com

melidemediciones@galicia.com

Tif. 981.93.51.08

CHINCHES?

MOSCAS?

CARCOMA?

ROEDORES?

CUCARACHAS?

Plagostel

H.F.E. 2077 ENL S/C

calidade e hixiene alimentaria

comercial@plagostel.com | 698 163 399

www.plagostel.com

CERVECERÍA

Cafetería

LODEIRO

- BOCADILLOS

- RACIONES

- PRATOS
COMBINADOS

- HAMBURGUESAS

- TAPAS

- TERRAZA
INTERIOR



Taboada Roca, 3 - MELIDE



Tlf.: 620 21 95 91

BIG BEN

IRISH TAVERN



*Estamos de volta
Agardámoste!*

MELIDE

ZONA DOS VIÑOS

CARNICERÍA

Dia



Ronda de Pontevedra, 42 - 44

MELIDE

Nova xerencia



TENREIRA GALEGA 100%



EMBUTIDOS DAS MELLORES MARCAS



AMPLA SELECCIÓN DE QUEIXOS



CARNE AO CORTE DE 1ª CALIDADE

*Por calidade, prezo e
servizo a túa carnicería
está en*

**XAMÓN
TORRE DE
NÚÑEZ**



Dia

MELIDE



O mellor da tradición e a innovación hostaleira

Xaneir

CAFETERÍA-PENSIÓN




37
ANOS

en Melide



1º ANIVERSARIO



5º Aniversario

CESÁREO IGLESIAS, PRESIDENTE DO ATLÉTICO MELIDE

“Un dos meus obxectivos é facer en Melide un campo novo para o Atlético”

Despois dun período de turbulencias, as augas semellan volver ao seu curso. Atlético Melide, con Cesáreo Iglesias como presidente e unha nova xunta directiva constituída hai pouco máis dun mes. Home con declarada paixón polo fútbol e experiencia na xestión, o futuro do seu proxecto para o club pasa por pechar nos próximos días un acordo de colaboración económica cunha firma “de primeiro nivel”. Feito iso só resta “medrar”: a construción dun campo propio para o Atlético e a creación dun equipo B e outro de fútbol sala son algúns dos seus principais obxectivos a medio prazo.

-O Atlético Melide vén de atravesar un momento complicado a nivel económico. A situación chegou a ser crítica?

-Cesáreo Iglesias (C.I.): o que podó dicir ao respecto é que unha vez que entrei na directiva e vin friamente o que había, aquilo deume medo; o equipo tiña sete socios e un empeño descomunal. O que me entregaron en 2013 cando me puxen á fronte foi un folio con tres conceptos no capítulo de ingresos. O orzamento non chegaba aos 3.000 euros e a débeda recoñecida era de 8.000. Despois descubrín que era incluso superior. O desfase nos presupostos era enorme e o equipo estaba hipotecado por moitos anos.

-Deduzo que a xestión que se realizou ata daquela non foi a mellor das posibles...

-C.I.: Levo moito tempo no mundo do fútbol, en Arzúa estiven 18 anos, e sei o que pode facer unha directiva. Aquí vin cousas que non me coincidían; dende subvencións que se cobraban en contas de directivos ata facturas que aínda non apareceron a día de hoxe. Atopei que na Federación Galega de Fútbol se debían case 3.000 euros da mutua e das fichas dos xogadores, correspondentes ás anualidades de 2012 e 2013. Déronnos 48 horas de prazo para ingresar o diñeiro baixo ameaza de que o equipo non competiría e tiven que adiantar os cartos do meu peto. Outro exemplo do que encontrei foi a xogadores que estaban competindo sen ter seguro. Un deles tivo un golpe e tamén lle tiven que pagar eu a mutua. Esa era a xestión que se facía.

-Foi difícil romper coa

herdanza e saír desa situación?

-C.I.: Non, non foi difícil. Eu xa sabía o que había e o meu erro foi non facer cambios antes na xunta directiva. Pero eu sempre fun un home de paz, de confiar na xente, de tratar de reconducir as situacións... ás veces por amizade ou por

“Estamos a piques de pechar un acordo de colaboración cunha firma de primeiro nivel”

compañeirismo tárdase en tomar decisións que sabes que son necesarias. Equivoqueime ao non ter feito cambios antes.

-Eses cambios aos que se refire realizáronse hai pouco máis dun mes. Que persoas forman parte da nova xunta directiva?

-C.I.: Estamos sete persoas: eu, que son o presidente; Óscar Vilariño Mallo, secretario; José Manuel Simón Martínez, tesoureiro; Aurora Piñeiro Rodríguez, contadora; e Sergio Vigo Villaverde, Alberto Seoane Mella e Iván Mosteiro Refojo como vogais. En poucos días agardamos que haxa algunha nova incorporación.

-A día de hoxe, cal é a situación financeira do club?

-C.I.: O club este ano quedou cun superávit de algo máis de 2.000 euros. Certo é que falta o pago da prima dos xogadores, que é bastante e quedou aprazada. No Atlético Melide

pagamos igual ca o resto de equipos pero temos menos ingresos porque non dispoñemos do campo para explotalo a nivel publicitario. Nese aspecto temos as mans atadas. Eu cheguei aquí hai dous anos co propósito de levantar o equipo, vin que necesitabamos cartos e púxenme a buscar un sponsor. Iso ocupou moitas horas do meu tempo pero a día de hoxe podó dicir que está practicamente pechada a colaboración dunha firma importantísima de primeiro nivel. A súa axuda vai ser moi positiva para o club e permitiranos facer moitas cousas.

-Con estas boas perspectivas, cales son os obxectivos de futuro?

-C.I.: O que menos me importa de cara ao comezo da liga, e mira o que digo, son os resultados do equipo. Teño as doazóns a punto de caramelo e que cheguen a bo porto é o obxectivo que me quita o sono neste momento. O segundo é levantar as alfombras e investigar o que pasou no club anos atrás. Quero demostrar que o Concello, a Deputación e a Xunta lle pagaron subvencións ao club que nunca viron a luz. A ver onde van... teño catro anos por diante para aclarar todo. O terceiro obxectivo é facer en Melide un campo de fútbol novo. Estou niso e xa conseguín pechar unha reunión con responsables da Xunta para o mes de outubro. De cara a ese encontro, conto con saber xa o capital privado do que imos dispoñer. Incluso está buscada a localización, aínda que de momento prefiro non desvelala. O proxecto que teño para Atlético precisa dun campo propio. Tardarei anos, pero vouno conseguir.

-Volvendo ao presente e



ao terreo deportivo, como se presenta a tempada?

-C.I.: De momento, como ata agora houbo tantos problemas, competirá o equipo sénior e a ver se xuntamos o benxamín e pre-benxamín. O que se fixo o ano pasado foi un auténtico desastre pero fixemos unha limpeza e agora mesmo estou moi feliz cos seis homes cos que conto. O adestrador vai ser Ramón Lamas Sánchez e vai ter un preparador físico. Para os cativos van estar catro adestradores: Laya, Fran, Marcos e Teto. Por outra parte, xa comentei coa directiva de deixar autorizado un equipo B. Non descarto

que poidamos comprar unha praza. Hai varios equipos que están na corda frouxa e se chega a doazón que estamos esperando nas próximas semanas, pode ser viable. Incluso poderíamos preparar un equipo de fútbol sala, do que se encargaría Óscar Vilariño, que xa foi porteiro do Lobelle.

-Por que se interesou polo Atlético Melide?

-C.I.: Porque me encanta o fútbol. Xa estiven moitos anos en Arzúa. Deixei porque me morreu un fillo pero naceu outro, acabou xogando no Atlético, e aí empezou outra vez todo de novo.

Abrazo das idades con homenaxe

A Asociación Cultural Charamela celebrou o pasado 8 de agosto a sexta edición do Encontro Interxeneracional da Terra de Melide, tamén denominado "O abrazo das idades". No marco desta iniciativa realizouse unha homenaxe ao grupo de música tradicional Froito Novo en tanto que ao longo dos seus máis de 40 anos de vida son o máis claro exemplo desa convivencia estreita de xeracións que se quere fomentar a través do Abrazo das Idades.



XXXIII Torneo de fútbol sala

Xa está en marcha a 33ª edición do torneo de fútbol sala que cada verán organiza o Cire. Dende o 4 de agosto 26 equipos sénior compiten por chegar á final e facerse con algún dos premios en metálico reservados para esta categoría: 600, 300 e 100 € para os tres primeiros clasificados. Tamén hai competición nas categorías feminina, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete.



As finais disputaranse todas o día 30 de agosto entre as 17:00 e as 23:00 horas.

IV Ruta Cabalar do Bocelo

Preto de 200 cabalos participaron na IV edición da Ruta Cabalar do Bocelo chegados de diferentes puntos da xeografía galega como Ferrol, Lugo, Guntín, Guitiriz, Oza-Cesuras ou Ordes. Pola mañá realizouse unha ruta polo monte e un concurso de morfloxía de pura raza galega. Tralo descanso para gozar dun xantar a base de polbo e churrasco, na xornada de tarde houbo unha carreira de cabalos trotóns co correspondente entrega de premios.



Turismo Melide

Tenis con "T" de Toques

Toques viviu un maratón de tenis o pasado 7 de agosto co torneo individual amateur no que participaron 48 deportistas nas categorías sénior, sub 16 e sub 11. Nesta última arzuá Andrea Vigo proclamouse campioa e revalidou o título que xa obtivera en Semana Santa. Na categoría sub 16 alzouse



co título de campión o melidense Anxo Ares. Nos sénior, Martín Conde venceu a Roberto Pérez nunha final moi axustada e fíxose co título por terceira vez. No outono disputarase o torneo de dobres mixto.


Nas margens do tempo, de Antom Laia

O escritor local Antom Laia presentou en Casa Alongos o seu segundo libro de poemas, *Nas margens do tempo*, un traballo onde de novo fai un exercicio de introspección para traer ao presente recordos e vivencias persoais da infancia. No acto estivo acompañado por Tomás Roures, autor da portada e dos gravados que ilustran algúns poemas. Tamén pola música de Mini e Mero. O día 14 Laia fará a presentación na librería Sisargas, na Coruña.



Exposición: Retablo da Terra do Medio

Retablo da Terra do Medio é o título da mostra de Vitor Mejuto que ata o 28 de agosto se poderá visitar na sala de exposicións da Casa da Cultura. Vinte anos despois da súa primeira exposición na vila, este artista nacido no Barreiro regresa á súa terra natal cun traballo composto por once obras en papel e dúas en tea nas que reflexiona sobre o retablo barroco galego dende o punto de vista da abstracción xeométrica, a disciplina que el cultiva.



Escuela Ayude estréase en boxeo

A Escuela Ayude conseguiu nos campionatos de España de boxeo olímpico infantil a súa primeira medalla a nivel nacional nesta disciplina. O artífice foi Rubén Simón, que se fixo coa prata. En 4º posto quedou Nahum Ayude. Os dous contribuíron ao éxito da selección galega, que se proclamou campioa de España por equipos. A próxima competición será o europeo de kick boxing.



Rematando o verán co Circo Toquiño

Os nenos e nenas dos campamentos de Toques puxeron fin ás actividades de verán cun Circo Toquiño no que amosaron todas as súas habilidades e simpatía. Para despedir estas semanas de convivencia, os cativos tamén foron de excursión ao parque natural da Muiñada



da Barosa, en Barro, onde pan e tiveron a oportunidade de bañarse no río. visitaron muíños fixeron

Espectáculos ANGEL SEOANE

MELIDE - MONTERROSO Tfno. móvil: 617 38 48 60

AS MELLORES ORQUESTRAS DE GALICIA



Espectáculos Ángel Seoane botou a andar hai 35 anos coa organización da festa de Dormeá. Transcorridas máis de tres décadas, a día de hoxe organiza arredor de 200 festexos cada ano e converteuse na empresa que contrata as mellores orquestras e atraccións de Galicia. As súas oficinas de Melide e Monterroso son na actualidade puntos de referencia para comisións das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra. Entre elas está a actual comisión de festas de Melide, que confiou no bo facer desta axencia para configurar o cartel do San Roque 2015, un dos mellores e máis completos que se recordan.

Espectáculos Ángel Seoane, coñecida pola súa seriedade e bo servizo, encárgase integramente da organización das festas dende o mesmo momento en que asina



o contrato coa comisión. Ademais das orquestras, solicita permisos, ocúpase dos seguros necesarios, dos pagos á SGAE, da contratación de grupos electróxicos e carpas....

Dende estas páxinas Espectáculos Ángel Seoane quere expresar o máximo agradecemento aos centos de comisións que ao longo destes 35 anos depositaron a súa confianza na empresa para organizar festas e celebracións.



Roval

J O Y E R Í A



*Colección Alianzas
2015*



*Máis de 30 anos conseguindo
a confianza dos nosos clientes !!*

- **Xoiería en ouro, prata e aceiro.**
- **Confíanos as túas reparacións de xoiería e relojería.**
- **Trofeos e placas conmemorativas.**
- **Todo tipo de gravacións.**

Sabías que...?

En Xoiería Roval dispoñemos dun amplo catálogo de trofeos deportivos e placas (madeira, cristal, prata, alpaca,...) para calquera tipo de evento, podendo facer a gravación que se desexe, incluíndo fotografías, logos,... Ademáis, poderás escoller entre un amplo surtido de agasallos para celebracións especiais.

Tfno.: 981 50 54 31 • joseroyal@mundor.com • Rúa Alexandre Bóveda, 12 • 15800 MELIDE (A Coruña)

GRUPO JIM SPORTS

VIVIENDAS - CHALETS - BAJOS - SOLARES

PROYECCIÓN DE
35 VIVIENDAS
EN MALPICA
PISOS EN FOZ
MELIDE
ALQUILER
VENTA

OSCAR SÁNCHEZ
981 50 64 34 / Ext 109



JOSÉ MANUEL MARIÑO PÉREZ, PARRILLADA-RESTAURANTE PILMAR

“A calidade, o bo prezo e a perseveranza son fundamentais en calquera negocio”

O restaurante-parrillada Pilmar supuxo na vida de José Manuel Mariño unha nova aventura profesional e un dobre reto: sacar adiante un negocio de dubidosa reputación e saír airoso nun mundo “complicado” que sempre vira de preto pero no que nunca se implicara; o da restauración. Dous anos despois asegura ir “polo bo camiño”, froito do moito tempo dedicado, da perseveranza e dunha boa relación calidade-prezo, criterios fundamentais ao seu xuízo “para que un negocio funcione”. Agora no horizonte do Pilmar asoma xa un novo proxecto en forma de refuxio gratuito para peregrinos.

-O seu coa hostalería é vocacional?

-José M. Mariño (J.M.): Non sei se vocacional, pero o certo é que me dediquei sempre a isto, dende os 15 anos que empecei de camareiro nun pub. Ao principio estiven máis ligado ao mundo da noite; cheguei a ter catro discotecas e unha hamburguesería.

-Que o levou a dar o salto á restauración?

-J.M.: En parte foi pola crise, aínda que tamén se debeu a que tiña o meu traballo, sufrín un accidente e tiven que dedicarme a outra cousa. Aí foi onde pensei en coller un restaurante. Era algo que xa me levaba idea; deses proxectos que un ten en mente sacar adiante algún día pero que non se materializan ata que aparece a oportunidade.

-A oportunidade apareceu en Melide. Escolleu esta vila por algunha razón?

-J.M.: Non. Quen me dixo do local foi un amigo meu. Gustáballe a el e recomendoume que o visitara. A min tamén me gustou nada máis velo e, de feito, o día que o fun mirar xa quedou contratado.

-Como foi a adaptación a ese novo mundo?

-J.M.: Máis complicado do que agardaba. Non é o mesmo mercar unha botella para un pub ca levar un local de comidas. Traballas con elementos percedoiros, hai que estar sempre moi atento, son 50.000 referencias... pero é cuestión de poñerse. Botándolle ganas axiña vai todo sobre rodas. O que máis me custou foi adaptarme ao horario ou, mellor dito, ás moitas horas que hai que dedicarlle a isto. Se te implicas no negocio deixas de ter vida, vives só para



José Manuel Mariño na entrada do local que rexenta dende hai dous anos

iso, sobre todo ao principio.

-Colleu un local pechado e cunha fama non moi boa. Iso non o botou para atrás?

-J.M.: A fama era moi mala. É certo que ao principio iso te fai pensar, porque estás expoñendo cartos, o teu tempo, o teu traballo... e chegas a preguntarte se valerá a pena. Pero con tesón e con traballo, ao final sempre compensa. Despois de dous anos, parece que conseguín levantar o negocio, aínda que non foi sen tempo e sacrificio. Creo que imos polo bo camiño.

-Que criterios hai que seguir para facer que un negocio funcione?

-J.M.: Na miña opinión para que un negocio destes funcione, o bo prezo, a boa cali-

dade e a perseveranza son fundamentais. Se non es perseverante, ou tes a sorte de que soe a fruta ou vas a pique. Tampouco te podes cerrar nas túas ideas; hai que estar aberto a modificacións e recoñecer que un se pode equivocar. Tamén é importante conseguir o equilibrio entre calidade e prezo. Para iso hoxe en día imos moi axustados porque as cousas custan cartos e os prezos son os que son.

-Que servizos ofrece o restaurante Pilmar?

-J.M.: Pois por unha parte temos sempre menú do día, con tres primeiros pratos a elixir, tres segundos, sobremesa, café e bebida por 9 euros. Logo temos o referente da casa, que é polo que xa somos coñecidos: a grella. Churrasco de tenreira, de porco, paspallás, polo,

peixe ou carne de vacún maior á brasa son algunhas das nosas especialidades. Aquí o lume está sempre acendido e calculo que un 90% do que se sae fóra do menú é comida á brasa. Por outra parte temos dous comedores para a celebración de eventos como comuñóns ou xuntanzas de familia.

-Están en pleno camiño e nun lugar emblemático como Santa María. Nota os efectos?

-J.M.: Si, non hai dúbida de que se nota, sobre todo no verán. De todas formas non é o punto forte do noso negocio porque hai que ter en conta que estamos á saída de Melide, somos o último bar. Cando os peregrinos pasan por aquí xa chegan con todas as súas necesidades cubertas. O negocio non está enfocado para o pere-

“En breve abrirei na planta de arriba un refuxio para peregrinos con capacidade para 30 persoas”

“Os referentes da casa son a carne e o peixe á brasa; aquí o lume está todo o día acendido”

grino. O meu obxectivo, e estouno conseguindo, é manter o local cun funcionamento regular durante todo o ano.

-Acaba de habilitar no local un xardín interior. Ten algún proxecto máis á vista?

-J.M.: Si, precisamente relacionado co Camiño de Santiago. Teño pensado abrir un refuxio para peregrinos cunhas 30 prazas. Se todo vai ben, a finais deste mes de agosto xa estará listo. Estará na planta superior do local e será gratuito. Penso que pode ser unha boa maneira de animar o local nas tardes e noites de verán.

Parrillada Pilmar

**Tlf: 981 50 76 17
Santa María - Melide**

Oferta válida do 1 de agosto ao 30 de setembro.

OFERTA DE VERÁN

Mobles Ares, moda en mobles

Especial Punto Roxo

Busque os artigos marcados con este distintivo e disfrute de ata un

-50%
de desconto



Antes **598€**
Agora **299€**

135x190 cm.

PIKOLIN.
Mod. **ARCE.**
Con núcleo de muelles **Normablock®** e firmeza látex. Destaca pola súa transpirabilidade.



Antes **865€**
Agora **429€**

135x190 cm.

PIKOLIN.
Mod. **TRIBECA.**
Con **Hybrids System®**, combina o bloque de muelles **Normablock®** e viscofoam.



Antes **830€**
Agora **415€**

135x190 cm.

FLEX.
Mod. **MULTI VISCO.**
Muelle **Multielastic.**
Acolchado viscoelástico.



PACK:
Colchón,
Somier e Patas
Agora **350€**

135x190 cm.

Grupo **FLEX.**
Mod. **METROPOLITAN VISCO.**
Muelle independente reforzado.
Acolchado viscoelástico.

Primeiras marcas aos mellores precios



MOBLES ARES

MELIDE (A Coruña)

Feliz San Roque

2015

VISÍTANOS EN: www.moblesares.com

Tamén abrimos os domingos de 10:00 a 14:00 h.